



#### RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Catoira

#### BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 6. 1. e) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

#### FINS DO TRATAMENTO

Xestión de entrada de escritos ou comunicacións que sexan presentados ou que se reciban no Concello, presencial ou electronicamente, así como a saída dos escritos e comunicacións oficiais dirixidas a outros órganos ou particulares, como apertura dos expedientes administrativos que puidesen derivarse.

#### COLECTIVO

Cidadáns e residentes, representantes legais, empregados públicos destinatario ou emisor do escrito ou comunicación.

#### CATEGORÍAS DE DATOS

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, número da seguridade social, tarxeta sanitaria, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Datos do estado civil, idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

#### CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Administracións públicas.

#### TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

#### PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

#### MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.